

MÁIS DE 10.500 PERSOAS ACUDIRÁN Á GRAN MOBILIZACIÓN DE SINDICATOS DE TODA EUROPA EN MADRID

UGT, CCOO e a CES reivindicando no gran acto que se celebrará no Pazo de Vistalegre a necesidade de empregos de calidade e o rexeitamento á desregulación, austeridade e a culpabilización da poboación migrante

Redacción.- Máis de 10.500 persoas acudirán á gran mobilización sindical que se celebrará o próximo 18 de xuño no Pazo de Vistalegre de Madrid, organizada pola Unión Xeral de Traballadoras e Traballadores (UGT), a Confederación Europea de Sindicatos (CES), e Comicións Obreiras (CCOO), baixo o lema 'Europa en democracia. Traballo decente, xustiza social e paz'.

Decenas de sindicatos de toda Europa participarán no gran cume sindical, no que se quere enviar unha mensaxe clara desde España ás institucións europeas: outro modelo é posible. Salarios máis altos e traballos decentes para poder impulsar unha economía forte e sostible, na que se coiden os dereitos das persoas traballadoras.

Unión da UE fronte ás ameazas externas

No evento participarán os secretarios xerais de UGT, Pepe Álvarez, e CCOO, Unai Sordo, así como a secretaria xeral da CES, Esther Lynch. As organizacións queren esixir ás institucións europeas que se manteñan unidas contra as ameazas externas, ante as coercións económicas e comerciais das que foi obxecto nos últimos meses no contexto dos distintos conflitos bélicos.

Paz duradeira e respecto ao dereito internacional

Nun momento de encrucillada política e de incerteza, as organizacións sindicais queren enviar unha mensaxe de unidade á clase traballadora pola paz duradeira, o respecto do dereito internacional e a xustiza social. Demasiadas persoas enfróntanse á precariedade, os sala-



CONTRA LA DESREGULACIÓN Y LA AUSTRERIDAD

18J PALACIO DE VISTALEGRE MADRID

Por una EUROPA en DEMOCRACIA

TRABAJO DECENTE, JUSTICIA SOCIAL Y PAZ

CCOO SYNDICAT EUROPEEN TRADE UNION UGT

rios baixos e un futuro incerto, e a desigualdade segue aumentando a pesar da favorable situación macroeconómica dos países europeos.

Riscos para as persoas traballadoras

As desregulacións que ameazan o

panorama europeo debilitarán as institucións dun contexto europeo que traballou no seu éxito durante décadas e poñería ás persoas traballadoras en risco. É por iso que as organizacións sindicais decidiron unirse na celebración deste cume, para reclamar que esta non é a Europa que necesita a clase traballadora. Salarios xustos e un futuro seguro é a senda que debemos seguir.

O TSXG DA A RAZÓN A UGT E AVALA A LEGALIDADE DO ACORDO DE EFICACIA LIMITADA NO TRANSPORTE DE VIAXEIROS DA CORUÑA

Redacción.- FeSMC UGT Galicia celebra a sentenza emitida pola Sala do Social do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (TSXG), que desestima na súa totalidade a demanda presentada pola CIG contra UGT e as organizacións empresariais do sector, pola suposta vulneración da liberdade sindical durante o proceso de negociación do convenio provincial de transporte de viaxeiros por estrada da Coruña.

A resolución xudicial conclúe que non existiu vulneración algunha da liberdade sindical nin actuación contraria á boa fe negociadora por parte de UGT. O Tribunal considera plenamente lexítima a decisión adoptada pola nosa organización de subscribir un acordo de eficacia limitada tras máis de catro anos de negociacións, numerosas reunións, mobilizacións, folgas e procesos de mediación sen lograr un convenio colectivo estatutario.

A sentenza destaca que a sinatura do acordo extraestatutario non impe-

diu nin bloqueou a continuidade da negociación colectiva, nin supuxo a exclusión de ningunha organización sindical da mesa negociadora. Pola contra, recoñece que UGT actuou dentro do exercicio lexítimo da súa autonomía sindical e da súa responsabilidade negociadora para ofrecer unha solución real ás persoas traballadoras do sector.

O TSXG tamén lembra que a mera existencia dun acordo de eficacia limitada non constitúe por si mesma unha vulneración da liberdade sindical, especialmente cando non existe negociación paralela oculta, actos de boicot ou sabotaxe da negociación colectiva nin connivencia coa parte empresarial para impedir un acordo estatutario.

Ademais, a Sala subliña que UGT informou publicamente e de forma transparente das súas intencións negociadoras durante o proceso de mediación, mantendo sempre aberta a posibilidade de continuar negociando

un convenio colectivo de eficacia xeral.

Con esta resolución, o Tribunal rexeita todas as pretensións formuladas pola CIG, incluída a solicitude de anulación do acordo de eficacia limitada e a reclamación dunha indemnización por danos morais.

Desde FeSMC UGT Galicia reafirmamos o noso compromiso coa defensa dos dereitos das persoas traballadoras mediante a negociación colectiva responsable, o diálogo social e a procura de acordos que permitan mellorar as condicións laborais do sector, especialmente en contextos de bloqueo prolongado como o vivido no transporte de viaxeiros da provincia da Coruña.

Esta sentenza supón un importante respaldo xudicial á actuación de UGT e á lexitimidade das ferramentas de negociación sindical destinadas a ofrecer solucións efectivas ás persoas traballadoras.

SERVIZOS SOCIAIS, DEPENDENCIA, PENSÍONS OU COMO ESTÁ A AFECTAR A DIXITALIZACIÓN AOS MÁIS MAIORES FORON ALGÚNS DOS TEMAS TRATADOS

A UXP DE UGT-GALICIA CELEBROU EN MARÍN O XIII ENCONTRO DE XUBILADOS

Asistiron preto de 500 xubilados e pensionistas de toda Galicia

Redacción.- A Unión de Xubilados e Pensionistas de UGT-Galicia celebrou o pasado sábado en Marín o XIII Encontro de xubilados. Neste acto, ao que asistiron preto de 500 xubilados e pensionistas de toda Galicia, falouse sobre servizos sociais, dependencia, pensións, como está a afectar a dixitalización aos máis maiores e púxose enriba da mesa a necesidade dunha Lei integral das persoas maiores.

No acto interviñeron o secretario xeral de UGT-Galicia, Cristóbal Meideiros; a secretaria executiva de UGT Cristina Estévez; o secretario de Formación da UJP-UGT, Ángel del Carmen Escalera; e a alcaldesa de Marín, María Ramallo.

Na apertura da xornada tamén dirixiron un saúdo aos asistentes o secretario xeral da UXP de UGT-Pontevedra-Arousa-Deza, Manuel Souto; e o secretario xeral de UGT-Pontevedra-Arousa-Deza, Ramón Vidal.

No transcurso da mañá tiveron lugar dous actos homenaxe, nun deles recoñeceuse a militancia dunha das mulleres do Sindicato afiliada á UXP, Elvira Rivas; e noutro a traxectoria dunha das persoas máis maiores do Sindicato en Galicia e que aínda mantén unha militancia activa, Serafin Álvarez. Ademais, asistiron numerosos invitados institucionais e membros das comisións executivas das unións comarcais de UGT e das federacións en Galicia. Tras o acto sindical, os 500 xubilados e pensionistas gozaron dun xantar.



CENTOS DE EMPREGADOS E EMPREGADAS PÚBLICAS DA ADMINISTRACIÓN GALEGA APOIARON A MOBILIZACIÓN, CONVOCADA POR UGT, CCOO E CSIF, FRONTE Á SEDE DA XUNTA CONTRA O RECORTE DE DEREITOS E POR UNS SERVIZOS PÚBLICOS DE CALIDADE

Denuncian falta de vontade real para acadar consensos, a imposición sistemática de medidas sen un marco real de negociación e perda de dereitos na Administración da Xunta de Galicia

Redacción.- O pasado mércores pola mañá centos de empregados e empregadas públicas da Administracións galega apoiaron a concentración convocada por UGT, CCOO e CSIF fronte á sede da Xunta en Santiago contra o recorte de dereitos e por uns servizos públicos de calidade.

As tres organización sindicais denuncian a crecente deriva da Administración autonómica con actuacións e omisións que reflicten unha forma de proceder baseada na imposición, recorte de dereitos e a ausencia dun marco real de negociación colectiva, debilitando gravemente as relacións laborais no ámbito da Administración galega.

As decisións adoptadas nos últimos meses evidencian un preocupante retroceso en materias esenciais vinculadas á negociación colectiva, á seguridade xurídica, á transparencia e ás condicións laborais do conxunto das traballadoras e traballadores públicos que producen un progresivo deterioro dos servizos públicos.

Todo isto ocorre ignorando de maneira reiterada as demandas e advertencias das organizacións sindicais representativas do persoal empregado público, cun desprezo continuo das propostas sindicais, cunha imposición sistemática de decisións unilaterais, ausencia real de negociación e falta de vontade para acadar consensos. O que evidencia unha preocupante dinámica autoritaria incompatible cunhas relacións laborais baseadas no diálogo social e no respecto institucional.

Sinalar como exemplos recentes, entre outros, a imposición da modificación do decreto de listas de contratación temporal pese ao voto en contra das tres organizacións sindicais presentes na negociación, vulnerando calquera vontade real de consenso e reducindo garantías e dereitos do persoal afectado; ou, o auténtico caos xerado na resolución de numerosos procesos selectivos finalizados e no concurso de traslados, con atrasos, falta de transparencia, ausencia de planificación e unha xestión deficiente que está provocando inseguridade e incerteza entre milleiros de persoas aspirantes e empregadas públicas; ou a incomprendible decisión de devolver a SEAGA a xestión das brigadas para a prevención e defensa de incendios



forestais, xa que en 2019 foi a propia Xunta de Galicia a que decidira integrar os efectivos de incendios forestais de SEAGA ao Servizo de prevención incendios da Consellería de medio rural.

UGT, CSIF, e CCOO demandamos a suspensión da reforma do Decreto de listas, a axilización e resolución definitiva dos procesos de concurso, OPE e estabilización coa máxima seguridade xurídica, e reforzar o persoal de SPIF con xestión directa da Consellería, así como a negociación de cuestións esenciais comprometidas, entre outras:

- A transposición efectiva de medidas xa acordadas a nivel estatal, como a implantación da xornada de 35 horas.
- A apertura dun novo acceso extraordinario á carreira profesional.
- A posta en marcha do sistema ordinario de carreira profesional.
- O desenvolvemento e aplicación do grupo B de clasificación profesional.
- Un verdadeiro impulso e cambio de paradigma en materia de promoción interna e acceso o emprego público.
- A implantación real do concurso aberto e permanente.
- A ampliación do ámbito de aplicación de coeficientes redutores a outras especialidades e categorías dos servizos de extinción de incendios, medio ambiente,

gardacostas...

- A apertura das mesas de negociación pendentes para abordar as condicións de traballo do persoal funcionario de ámbitos como persoal non docente de educación ou medio ambiente.
- Avances reais e efectivos nas mesas de traballo derivadas do acordo de política social.
- Avances concretos nas mesas de negociación abertas na Consellería do Medio Rural.

As tres organizacións sindicais entendemos que a situación require unha actuación organizada dende a unidade de acción coa finalidade de normalizar o diálogo e as relacións laborais e mellorar as condicións laborais e a calidade dos servizos a cidadanía, e queremos poñer de manifesto a nosa unanimidade e acordo de unidade de acción sindical fronte a mobilizacións unilaterais oportunistas que teñen moito que ver con posicionamentos ideolóxicos.

Esta é a primeira mobilización dunha campaña que irá máis aló nos vindeiros meses co obxectivo de denunciar o deterioro progresivo da función pública e esixir un cambio radical na actitude da Administración.

Lembrar que a defensa dos dereitos do persoal empregado público é tamén a defensa duns servizos públicos ao servizo de toda a sociedade.

TRES NOVAS XORNADAS DE FOLGA NO METAL DA CORUÑA Á ESPERA DE RETOMAR AS NEGOCIACIÓNS COA PATRONAL

Redacción.- Os días 9, 10 e 11 os traballadores e traballadoras do metal da provincia da Coruña secundaron de xeito masivo as tres novas xornadas de folga en demanda dun convenio que mellore as condicións sociais e laborais.

Lembrar que as demandas dos traballadores e traballadoras pasan por un incremento salarial digno, reducir a xornada, regular os pluses, combater a precarización a través das ETT e dos contratos fixos descontinuos, mellorar os complementos das baixas médicas ou limitar a subcontratación en cadea, entre outras.

Tras varias xornadas de folga, a presión sindical levou á patronal a sentarse a negociar o 28 de maio. Despois de varias horas de reunión, a parte empresarial trasladou diversas propostas ás que na reunión do martes, día 2 de xuño, os sindicatos déronlle a súa resposta.

Fíxose un recesso para que a patronal analizase a información trasladada pero argumentou que precisaba máis tempo e solicitou cambiar a reunión prevista para o xoves, día 4, para o luns. Isto foi rexeitado pola parte sindical e se lle pediu á patronal manter a xuntanza do xoves pero a patronal negouse e recorre de novo á estratexia da dilación.

Así, mantivéronse as xornadas de folga desta semana e, ante a magnitude das mobilizacións e o seguimento masivo da folga, a patronal anunciou unha xuntanza para este venres.




O COMERCIO TÉXTIL CONTINÚA COAS MOBILIZACIÓNS

A acampada que tiñan na Coruña trasladáronna á sede da CEG en Santiago

Redacción.- As traballadoras e traballadores do comercio téxtil non cesan nas súas mobilización para dicir non ao convenio de ARTE. Despois da acampada que mantiñan fronte á sede da CEG na Coruña, trasladaron esta esta semana a Santiago, fronte á sede da CEG. O pasado mércores, ante varios requerimentos do Concello, decidiron levantal a á espera de analizar a situación e ver que camiño seguir de cara ás vindeiras datas.

Tras a sinatura do convenio por parte de CCOO e FETICO, dende FeSMC manifestan que, aínda que a patronal fixo algunha concesión sobre os aspectos que se reivindicaron nas diversas xornadas de folga, convocadas por UGT, a realidade segue sendo que en moitos sitios pérdense dereitos e nace para abaratar e recortar progresivamente os dereitos conquistados durante décadas en moitos convenios provinciais e autonómicos.

Gran parte do texto vende como avances dereitos xa existentes e que as empresas xa tiñan que cumprir: rexistro horario, adaptación de xornada, permisos de conciliación, lactación, protocolos LGTBI, desconexión dixital, permisos por hospitalización, protección fronte ao acoso... É dicir, preséntannos como conquistas cousas que as empresas xa están obrigadas a cumprir e vén-deno como un convenio histórico.



AS SECCIÓN SINDICAIS DE UGT DAS AUTORIDADES PORTUARIAS DE TODA ESPAÑA MOBILÍZANSE PARA ESIXIR A XORNADA DE 35 HORAS E O CUMPRIMENTO DO CONVENIO DE PORTOS DO ESTADO

Redacción.- O pasado mércores as seccións sindicais da Federación de Servizos, Mobilidade e Consumo da Unión Xeral de Traballadoras e Traballadores (FeSMC-UGT) de Portos do Estado e das Autoridades Portuarias de toda España levaron a cabo unha concentración fronte á sede de Portos do Estado.

O obxectivo fundamental desta mobilización é esixir de forma inmediata a implantación da xornada de 35 horas e o cumprimento íntegro do convenio colectivo.

Esta mobilización prodúcese en cumprimento do acordado pola representación sindical na asemblea de seccións sindicais celebrada en Santander os pasados días 26, 27 e 28 de maio. Cabe destacar que, tras realizar UGT a solicitude formal da devandita concentración ante a Delegación do Goberno en Madrid, os sindicatos maioritarios foron citados para o próximo día 17 de xuño co fin de abordar a aplicación das 35 horas no sistema portuario. A pesar deste avance, o sindicato mantivo a protesta para visibilizar a urxencia do conflito.

Coincidindo coa protesta, a organización sindical deixou constancia formal das súas reivindicacións mediante a presentación dun escrito ofi-

cial dirixido ao Presidente de Portos do Estado, Gustavo Santana. No devandito documento, asinado polo secretario federal estatal do sector Marítimo-Portuario de FeSMC-UGT, José Ramón Piñeiro, solicítase formalmente e con carácter de urxencia unha reunión ao máis alto nivel.

A través desta solicitude, FeSMC-UGT traslada a profunda preocupación do sindicato ante a actual situación laboral e fixa como prioridades absolutas do conflito os seguintes puntos:

Bloqueo do III Convenio colectivo: esíxese abordar de inmediato as razóns polas cales non se está aplicando o convenio na súa parte económica, co fin de buscar solucións que terminen coa precariedade e a incerteza que sofren actualmente os cadros de persoal, hai 8 millóns de euros pendentes para o desenvolvemento das persoas traballadoras.

Implantación da xornada de 35 horas: ínstase a analizar os obstáculos



existentes para acordar, de xeito definitivo, as vías que permitan a súa aplicación efectiva e plena.

Á reunión solicitada acudirán o secretario xeral de FeSMC-UGT, Antonio Oviedo; o secretario federal estatal do sector Marítimo-Portuario, José Ramón Piñeiro; e Salvador Sempere, membro do Equipo de Dirección Sectorial.

Desde UGT considérase totalmente imprescindible dar unha solución a esta problemática que, a día de hoxe, afecta a unhas 6000 persoas traballadoras e comprometen seriamente a paz social nos portos españois e os dereitos dos seus empregados públicos.

UGT DESCONVOCA A FOLGA NO TRANSPORTE POR ESTRADA TRAS LOGRAR UN COMPROMISO ESCRITO DO MINISTERIO SOBRE A XUBILACIÓN ANTICIPADA DOS CONDUTORES PROFESIONAIS

Redacción.- A Federación estatal de Servizos, Mobilidade e Consumo de UGT (FeSMC-UGT) decidiu desconvocar a folga xeral sectorial prevista para o próximo 22 de xuño no transporte por estrada de mercancías e viaxantes tras a reunión mantida esta semana co secretario de Estado de Seguridade Social e Pensións, Borja Suárez.

Na reunión, na que participaron o secretario xeral de FeSMC-UGT, Antonio Oviedo, o vicesecretario xeral de Política Sindical de UGT, Fernando Luján, e a secretaria executiva confederal de UGT, Cristina Estévez, o Sindicato logrou por pri-

meira vez un compromiso formal e por escrito do Ministerio sobre a tramitación dos expedientes para o recoñecemento de coeficientes reductores que permitan a xubilación anticipada dos condutores e condutoras profesionais.

A decisión de convocar a folga respondía a unha situación de absoluto bloqueo administrativo e incerteza sobre o futuro duns expedientes (mercancías e viaxantes) rexistrados en outubro de 2025 pola nosa organización e sobre os que, ata a data, o Sindicato non recibira ningunha información oficial nin calendario de actuación por parte do

Ministerio.

Un compromiso escrito que cambia o escenario

A reunión celebrada supón un avance substancial respecto á situación existente ata a data, non só pola concreción sobre os tempos previstos para o conxunto do procedemento, senón especialmente porque UGT dispón por primeira vez dun documento oficial do Ministerio que acredita o estado de tramitación dos expedientes e fixa unha folga de ruta para a súa continuidade.

UGT-GALICIA PARTICIPA NAS XORNADA DE MEMORIA DEMOCRÁTICA ORGANIZADAS POLA CONFEDERAL

Redacción.- Entre os días 8 e 9 de xuño celebrouse na Escola Julián Besteiro de Madrid unha Xornada de Memoria Democrática, denominada “Políticas organizativas do sindicato III”, pertencente ó Plan de Formación de UGT Confederado, dirixido a mellorar o desempeño das funcións sindicais, e na que participaron representantes e dirixentes de UGT de tódalas comunidades autónomas.

Nas sesións, ás que asistiu o director da Fundación Luis Tilve, en representación de UGT-Galicia, se abordaron entre outros temas, a situación da Memoria Democrática en España e as accións que, nese senso, está levando a cabo UGT, tanto a nivel estatal como dende as unións rexionais, así como se debateron e propuxeron posibles accións a desenvolver, destacándose a importancia de formar ás novas xeracións e de levar ás aulas e á cidadanía unha historia veraz do que supuxo a Guerra Civil e o Franquismo, ademais da nosa historia, xa que hai unha Memoria colectiva, de valores democráticos, xurdida en resposta ó desastre xerado polos fascismos dos anos 30 que levaron á II Guerra Mundial, pero que as novas xeracións descoñecen ou corren o risco de perder. Por iso, dar a coñecer

eses acontecementos e o papel da loita obreira, é fundamental para construír un muro de contención ideolóxica e de conciencia de clase, de cara ós riscos futuros de extensión do autoritarismo.



Tamén se informou sobre o “Consello Estatal de Memoria Democrática” e os seus avances, como é a creación da “Comisión da Verdade” e os traballos que se están a desenvolver nela, para o que se contou coa presenza dun dos seus membros, o compañeiro Manuel de la Rocha.

Outro asunto relevante que se tratou foi a necesidade de dar a coñecer ós compañeiros e ás compañeiras a historia do noso sindicato, a través de campañas de formación, como expuxo a doutora en historia Manuela Aroca, pois moita xente non sabe que un dirixente de UGT como Largo Caballero, un estuquista, chegou a ministro e presidente e rematou nun campo de concentración nazi. Para elo, é esencial contar cuns ar-

quivos ben organizados, tal e como puxo de manifesto o novo director da Fundación Francisco Largo Caballero, Mario Esteban, que falou de manter a coordinación de toda a organización para a boa conservación e difusión dos nosos fondos históricos documentais e a posta en valor dos mesmos, para o cal espera poder visitar en breve a nosa Fundación, a fin de abrir unha maior colaboración, como a que xa se está prestando para a elaboración do censo de represaliados de UGT, que resultará de vital importancia para a citada “Comisión da Verdade”. Así mesmo, recomendouse continuar coa labor de recuperación da nosa historia oral, para que non se perda a nosa memoria recente, porque a memoria é tamén un acto de xustiza, de recoñecemento.

A POBREZA CRONIFÍCASE MENTRES A VIVENDA ABSORBE A RECUPERACIÓN ECONÓMICA

Redacción.- A xuño de 2026, UGT considera que o XVI Informe O Estado da Pobreza 2026 de EAPN-É confirma unha realidade preocupante: España presenta bos datos económicos e de emprego, pero esa mellora non se está traducindo con suficiente intensidade nunha redución real da pobreza. A taxa AROPE mantense practicamente estancada no 25,7% da poboación, o que supón 12,6 millóns de persoas en risco de pobreza ou exclusión social. Aínda que a taxa de pobreza baixa ata o 19,5%, aínda afecta a 9,6 millóns de persoas, con ingresos inferiores a 1.018 euros ao mes por unidade de consumo.

Para UGT, estes datos demostran que o crecemento económico e a creación de emprego son imprescindibles, pero non suficientes. As subidas do SMI, a reforma laboral, o reforzo de determinadas prestacións e o Ingreso Mínimo Vital contribuíron a evitar un escenario peor. Con todo, o informe

evidencia o lastre dos problemas estruturais, como son os salarios insuficientes; a parcialidade; a desigualdade territorial; as brechas de xénero; a debilidade das políticas de garantía de rendas, a desigualdade territorial e, de forma cada vez máis decisiva, o custo da vivenda.

UGT subliña que un dos principais factores que impide que a recuperación chegue aos fogares, é a vivenda. O informe mostra que cada vez máis poboación vive de alugueiro e que o custo medio mensual aumentou de forma sostida. Esta presión é especialmente intensa entre as persoas en situación de pobreza, posto que quen vive de alugueiro a prezo de mercado deben destinar máis da metade dos seus ingresos para pagar a vivenda.

Isto explica por que moitas persoas traballadoras seguen en situación de vulnerabilidade, mesmo cando teñen

emprego. Unha nómina non permite saír da pobreza se queda absorbida polo alugueiro, a hipoteca, as subministracións e os gastos básicos do fogar. A vivenda deixou de ser só un problema de acceso para determinados colectivos e converteuse nun problema central de redistribución da riqueza e de perda de poder adquisitivo da clase traballadora.

UGT advirte, ademais, de que as axudas públicas á vivenda seguen tendo unha cobertura claramente insuficiente. Non basta con medidas parciais ou conxunturais. España necesita converter a vivenda nun verdadeiro pilar do Estado do benestar, con máis parque público de alugueiro alcanzable, regulación efectiva de prezos en zonas tensionadas, protección fronte aos desafiuzamentos, mobilización de vivenda baleira e control dos usos especulativos que expulsan á poboación traballadora dos seus barrios e municipios.